

Xurxo F. MARTINS e Rafa YÁÑEZ

Campos magnéticos

Chovía de cifra
Como luz inútil dos astros
A espiña non vertebrada do ceo
Tinguía o derradeiro día do mes de outono
Ecoaban os meus pasos
No balbordo da cidade
Nas telas dos computadores
Overdose de felicidade
Nos balcóns das tabernas
Acenaban os teus labios
Lubrificados polo gim

Eu apampado
Co cabelo mollado
Procurándote nas teclas
Do telemóbil
No ruído da guerra
No horror vacui
Dos centros comerciais
No tacto das sabas frias
No gosto quente do viño
E no aroma
Da morte
Do amor
Que
Non chega
Até a minha
Inútil
Soidade.